



Cultura

***Charla aplicación de Lodos de Depuradora como fertilizante.** O xoves 15/03/2018 ás 20:00 na Casa da Cultura o servizo de urbanismo do Concello organiza unha charla sobre o uso dos Lodos de depuradora como fertilizante agrícola na que nos falaran das condicións que deben cumprir as parcelas nas que se queira aplicar.

Servizos Sociais

* **Envellecemento activo:** Os días 14 e 21 de marzo 2018 darán comezo as saídas ao balneario de Brión como viña sendo habitual todos os mércores as 15:00h. saída dende o Centro de Maiores. Os requisitos para poder participar son: Maiores de 60 anos o pensionistas de Seguridade Social (en calquera das súas modalidades) ou cónxuxes dos anteditos e empadroados no Concello de Boimorto. Para poder anotarse chamar ao Concello (981 51 60 20) temos un máximo de 25 prazas por saída.

* **Renovación non contributivas:** o prazo para a renovación das pensións non contributivas estará aberto ata o 28 de marzo de 2018.

* **Programa prestación de pagamento único por fillo/a menor de 3 anos:** Pódese solicitar ata o 21 de marzo.

Cultura

***Excursión a Sevilla.** Os días 4, 5 e 6 de xuño pretendemos facer unha excursión a Sevilla, na que aproveitaremos para visitar o Rocio (Huelva). Debemos xuntar un mínimo de 35 persoas e contamos que o prezo ronde os 100€/persoa para quen teña o carné de actividades, o resto deberá aboar o custe integro do viaxe. A fin de saber o numero de interesados en acudir a esta actividade e ver de levala a cabo debes reservar a vosa praza antes do final do mes de marzo.



*Estamos ultimando unha nova edición de Magreco os vindeiros 24 e 25 de marzo. Magreco estase convertendo nunha cita obrigada no calendario de todo agricultor e gandeiro: danse cita en Boimorto as novidades para esta campaña tanto en laboreo de terras como na recolleita de forraxes e outros apeiros. O sector forestal contará co seu oco na feira como ven sendo habitual con apeiros e a participación dun viveiro.

Actividades complementarias:

- **Demostración Stihl:** Outro ano mais o equipo Stihl Timbersports desprazase a Boimorto coa súa infraestrutura e farannos demostracións con **toradas de madeira** e con **bloques de Xeo**, as pezas que preparen poxaranse entre os asistentes (o recadado na poxa adicarano a obras sociais en Boimorto). Mais este ano no veñen sos, acompañaraos

Guadalupe Arévalo unha figurista con motoserra que foi gañadora do campionato masculino e feminino de Navarra.

- Barreiros Showroom: Este ano contaremos cunha completa exposición de tractores Barreiros restaurados e en perfecto funcionamento.
- Demostración Doma cabalos da Asociación Pura Raza Cabalo Galego: Durante a fin de semana contaremos cunha exposición de animais da Asociación Pura Raza Cabalo Galego que o domingo pola tarde participaran nunha mostra de Doma con distintas actividades e movementos a mais de darnos unha volta pola evolución da raza e do traballos que realiza a asociación.
- Poxa de gando frisón e rubia galega: Chegamos xa á quinta edición da poxa de gando frisón e rubia galega que xa se fixo un oco no calendario dos gandeiros. Ao remate das poxas sortearemos unha becerra frisona, pódense conseguir os boletos **comprando no comercio de Boimorto**.
- Carpa D'nosa Terra. Este ano teremos de invitado especial na nosa feira ao mundo porcino. Asociacións, produtores, novos produtos,...
- Actividades para nenos: Unha carpa adicada aos mais pequenos da familia: inchables, xogos tradicionais,...
- E moito mais no polideportivo e arredores: Stands de artesanía, produtos ecolóxicos,...



Horarios da feira:

Sábado 24 marzo:

- 11:00 apertura da feira
- Filloas de Balde durante toda a xornada.
- 11:05 Charla sobre a Vespa Velutina (Vespa Asiática) a cargo de persoal da Consellería de Medio Rural: Ciclo Biolóxico, tipos de niños, programa de erradicación,...
- 11:15 Comezo das demostracións do equipo Stihl e colaboradores durante toda a xornada
- 12:00 Acto de apertura da feira a cargo da alcaldesa acompañada de Belen do Campo Directora Xeral de Agricultura e Gandaría e Ovidio Rodeiro Delegado Territorial da Xunta de Galicia.
- 12:30 Degustación de orella no Stand do GDR na Carpa D'nosa Terra
- Pola tarde haberá obradoiros no polideportivo
- 20:00 Peche da Feira.

Domingo 25 marzo:

- 11:00 Apertura da Feira
- 11:30 Obradoiro no polideportivo
- 12:00 Poxa de Gando Frison e Rubia Galega. Ao remate sortearase a becerra frisona. Asistirá Manuel Rodriguez , Xefe Territorial do Medio Rural.
- 16:30 Demostración de Doma na carpa da poxa a cargo da Asociación Pura Raza Cabalo Galego con varios exemplares e movementos.
- 18:00 Peche da feira

Vespa velutina (Asiática)



O ciclo vital da velutina ten nestas datas un punto clave co remate da hibernación das raíñas fundadoras. É nesta época cando a especie é máis vulnerable pois as raíñas non teñen “empregadas” para enviar na busca de alimento e deben ir elas directamente. Nos seus primeiros días de vida as raíñas atopan o seu alimento nas flores das plantas xa que é unha fonte rápida dos nutrientes que precisan para o desenrolo dos niños primarios.

Por todo isto é o momento de comezar co trampeo e cumpre facelo onde haxa plantas con flor: camelias, mimosas,... e cerca das colmeas das abellas. O trampeo é unha tarefa na que **debemos** aportar todos, non so os apicultores, pois trátase dun problema que toda a sociedade ten que asumir como propio xa que a velutina ataca co axente polinizador máis importante co que conta a natureza, as abellas. Non se trata so dunha cuestión económica, senón que tamén é un gravísimo problema medioambiental.

Na contraportada desta folla poñemos unha copia do “manual” da xunta para facer trampas caseiras cun custe moi baixo e axudar a combater a lacra que é a Vespa Velutina.


Dende o Concello organizase no marco de magreco 2018 unha charla sobre a velutina na que se trataran temas como o ciclo biolóxico da vespa, como combatela,...

Aproveitamos tamén para recordaros que o protocolo da xunta indica que os avisos da vespa se deben centralizar a través do telefono de información da xunta de Galicia 012.

CONSTRUCCIÓN DE TRAMPAS ARTESANAIS PARA CAPTURA DE VESPA VELUTINA

- 1 As trampas constrúense empregando botellas de plástico de 1,5 ou 2 litros. Nos laterais realízanse buratos pequenos de 5 mm de diámetro para que poidan saír insectos distintos da avespa. No tapón realízase un burato de 7 mm para que poida entrar a avespa.
- 2 Córtase a parte superior da botella.
- 3 Bótase unha mestura de atraente na botella que será renovado cada 7-15 días. Tamén existen varios produtos comerciais específicos no mercado. Algúns inclúen repelentes para abellas, resultando así máis selectivos.

Pásase un arame, que pode servir ademais para suxeitar unha cuberta ou tapa da trampa (impedindo que entre auga de choiva) e para colgala. A trampa debe colocarse a unha altura de 1,5 metros aproximadamente.



4 Colócase a parte cortada cara abaixo, a xeito de embude.

